



## Concello de Xermade

María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade (Lugo)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 05/03/2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

### “3º. Subvencións

(...) O alcalde sinala que é preciso introducir un novo punto non comprendido na orde do día por motivos de urxencia: declarar deserto o XI Premio de Investigación “Xermade na historia” (expte. 340/2024), que non puido ser incluído na orde do día porque o informe sobre os traballos presentados asinouse na data de hoxe.

Consonte ao disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia da súa inclusión na orde do día e pasa a tratarse este asunto.

### **3.5. Declarar deserto o XI Premio de Investigación “Xermade na historia”. Expte. 340/2024.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 5 de marzo de 2025, que se transcribe literalmente:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

#### **Asunto: declarar deserto o XI Premio de Investigación “Xermade na historia”. Expte. 340/2024.**

Visto o convenio de colaboración asinado coa Asociación de veciñas/os de Cabreiros e a Universidade de Santiago de Compostela, considérase de grande importancia a continuidade de actividades relacionadas coa cultura, a historia, tradicións... no noso municipio, considerando importante para o concello a continuación do premio de investigación sobre Xermade, para potenciar o patrimonio etnográfico e cultural do municipio.

Vistas as bases propostas pola Alcaldía en data 22/04/2024, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 02/05/2024 e publicadas no BOP nº 126 o 01/06/2024.

A data límite de presentación dos traballos foi o 21/02/2025.

Consta informe do Rexistro municipal, emitido en data 05/03/2025, que indica que non constan traballos presentados.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás subvencións (apartado d), mediante Decreto núm. 2023-0286 de data 27 de xuño (BOP nº 157 do 10/07/2023), elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.** Declarar deserto o XI Premio “Xermade na historia”, ao non presentarse ningún traballo dentro do prazo habilitado ao efecto.

**SEGUNDO.** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica do Concello de Xermade.

En Xermade, na data da sinatura dixital.

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





## Concello de Xermade

---

O alcalde

Roberto García Pernas

(documento asinado dixitalmente)"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos."

E para que conste, coa salvidade prevista no art. 206 do RD 2568/1986, do 28 de novembro (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), expido a presente certificación, en Xermade, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, Don Roberto García Pernas, na data da sinatura dixital.

A secretaria-interventora

Visto e praxe,

O alcalde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

---

**Concello de Xermade**

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027

